

## **Proceso de selección "Brigada de incendios 2019"**

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Jueves, 18 de Julio de 2019 11:46 - Actualizado Jueves, 18 de Julio de 2019 12:02

---

Por resolución de Alcaldía de 18 de julio de 2019, se convoca el proceso de selección de personal encaminado a la contratación de cuatro peones y un capataz de brigada para conformar la cuadrilla municipal de Prevención y Defensa contra Incendios Forestales, la cual habrá de regirse por lo estipulado en el Convenio de colaboración interadministrativa suscrito, a la sazón, entre el Ayuntamiento de Negueira de Muñiz y la Consellería de Medio Rural, para el año 2019.

La presentación de solicitudes podrá realizarse hasta el día 23 de julio a las 14:00 horas. Las bases reguladoras del proceso de selección son las que siguen:

### **BASES PARA A SELECCIÓN DE CATRO PEÓNS E UN CAPATAZ PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS**

#### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da presente convocatoria a contratación de catro (4) peóns e un (1) Xefe de brigada para dar cumprimento ao estipulado no Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Negueira de Muñiz para a participación na Prevención e Defensa contra incendios forestais mediante a actuación de Brigadas de Prevención e Defensa.

## Proceso de selección "Brigada de incendios 2019"

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Jueves, 18 de Julio de 2019 11:46 - Actualizado Jueves, 18 de Julio de 2019 12:02

---

Dita contratación se efectuará baixo a modalidade de contrato de *duración determinada por obra ou servizo*, regulado no artigo 15.1 a) do R.D. Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do estatuto dos traballadores,.

## 2.- REQUISITOS XERÁIS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

1 Ser español ou nacional dos demais estados membros da unión Europea. Asemesmo, poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnen a condición de cónxuxes de españois ou nacionais doutros estados membros da unión europea, sempre que non estean separados de dereito; e os seus descendentes e os do cónxuxe, menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

## Proceso de selección "Brigada de incendios 2019"

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Jueves, 18 de Julio de 2019 11:46 - Actualizado Jueves, 18 de Julio de 2019 12:02

---

2 Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

3 Non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

4 Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administración públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

5 Estar en posesión do título de Estudos Primarios (certificado de escolaridade ou equivalente)

6 Estar en posesión do carné de conducir B (só será obrigatorio nos casos do Peón condutor e do Xefe de Brigada)

## Proceso de selección "Brigada de incendios 2019"

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Jueves, 18 de Julio de 2019 11:46 - Actualizado Jueves, 18 de Julio de 2019 12:02

---

7 No caso dos aspirantes á praza de Xefe de brigada, estar en posesión do título de Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de recursos naturais e paisaxísticos, Técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.

### 3.- PARTICIPACIÓN

Os interesados poderán presenta-las súas solicitudes nas oficinas municipais, no prazo de 5 días naturais a partires do día seguinte ao da publicación do anuncio na páxina web do Concello ([www.negueira.es](http://www.negueira.es)), en horario de 09:00 a 14:00 h. Os candidatos deberán presentar, ademais, a seguinte documentación:

- Copia compulsada da titulación requirida.

- Copia compulsada permiso conducir.

## Proceso de selección "Brigada de incendios 2019"

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Jueves, 18 de Julio de 2019 11:46 - Actualizado Jueves, 18 de Julio de 2019 12:02

---

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial, declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade, e declaración xurada ou certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo, así como que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo que deberán realizar xunto cun recoñecemento médico previo á contratación.

- Copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos que se aducen

### 4.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o concurso-oposición, no que se valorará a experiencia profesional e a formación dos traballadores.

1 EXPERIENCIA PROFESIONAL (Puntuación máxima 3 puntos):

## Proceso de selección "Brigada de incendios 2019"

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Jueves, 18 de Julio de 2019 11:46 - Actualizado Jueves, 18 de Julio de 2019 12:02

---

1. Por servizos prestados en AAPP na mesma categoría á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción (máximo: 2 puntos)

2. Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría á do posto ó que se opta.....0,05 por cada mes completo ou fracción (máximo 2 puntos)

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada, e/ou copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

2 FORMACIÓN (Puntuación máxima: 2 puntos):

2.1.- CURSOS: Valoraranse os coñecementos extra-académicos adquiridos en cursos monográficos.

## Proceso de selección "Brigada de incendios 2019"

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Jueves, 18 de Julio de 2019 11:46 - Actualizado Jueves, 18 de Julio de 2019 12:02

---

1. Cursos de máis de 50 horas: 0,50 puntos/curso

2. Cursos de entre 20 e 50 horas: 0,20 puntos/curso

3. Cursos de menos de 20 horas: 0,10 puntos/curso

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas, e puntuarase con 0,10 puntos por curso. So se valorarán aqueles cursos que fosen impartidos ou refrendados por Administración Públicas.

3 CUESTIONARIO POR ESCRITO (Puntuación máxima 5 puntos): Valoraranse os coñecementos relacionados coa extinción de incendios, a operatividade dos vehículos e o termo municipal de Negueira de Muñiz, a través dun exame tipo test de 20 preguntas.

## **Proceso de selección "Brigada de incendios 2019"**

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Jueves, 18 de Julio de 2019 11:46 - Actualizado Jueves, 18 de Julio de 2019 12:02

---

4 CASO PRÁCTICO (Puntuación máxima 10 puntos): Realización dunha proba (Peón de brigada) ou caso práctico (Capataz de brigada) co fin de valorar a aptitude dos candidatos para as funcións do posto de traballo a desenvolver.

### **5.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN**

A orde de clasificación definitiva de todos/as os/as aspirantes virá determinado pola suma das puntuacións totais obtidas, e determinará a proposta de contratación do tribunal e de incorporación ó servizo. En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

Cos traballadores non seleccionados elaborárase unha listaxe por orde de puntuación. No suposto de renuncia de algún dos/as traballadores/as contratados/as con anterioridade á finalidade da obra, substituirase por outro/a traballador/a de similares características, segundo a listaxe elaborada cos traballadores non seleccionados.

### **6.- TRIBUNAL CALIFICADOR**



## Proceso de selección "Brigada de incendios 2019"

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Jueves, 18 de Julio de 2019 11:46 - Actualizado Jueves, 18 de Julio de 2019 12:02

---

O tribunal nomearase en datas próximas, mediante Resolución de Alcaldía ditada ao efecto.

Os acordos do Tribunal serán adoptados por maioría dos asistentes.

O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

Os traballadores seleccionados estarán obrigados a realizar, antes da súa contratación, un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo, así como un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas, que será impartido por persoal competente na materia nos días, horas e lugares que estableza o Concello de Negueira de Muñiz. A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo, ou ben a non realización do referido curso, será causa de non contratación dos traballadores seleccionados.

Os/as candidatos/as seleccionados serán contratados en virtude de Resolución do Sr. Alcalde da Corporación.

## **7.- RELACIÓN DE APROBADOS, PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E SINATURA DO CONTRATO**

Rematada a cualificación, publicarase no taboleiro de anuncios da corporación a relación de aprobados por orde de puntuación, así como a proposta de nomeamento como persoal laboral temporal baixo a modalidade de contrato de obra e servizo determinado, do traballador que obtivera a mellor puntuación do presente proceso selectivo, pasando os restantes traballadores que superaron dito proceso a integrar una bolsa de reserva, para os casos de baixa ou renuncia por parte dalgún dos contratados.

A duración desta bolsa será polo tempo que dure o servizo subvencionado e o Convenio para a Prevención e Defensa contra incendios Forestais para o ano 2019.